



N. Referencia.: Servizo de Enerxía e Minas  
Sección de Enerxía - DIR: A12X00210  
Expediente: IN407A 2023/150-1

CONCELLO DE ARZÚA

### Características da instalación:

Solicitante/promotor: UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA.

Denominación: LMT, CT e RBT Os Campos.

Termo municipal: Arzúa.

Trámite: información pública da solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construción e de declaración de utilidade pública, en concreto.

### Asunto: **Publicación da información pública.**

O 29/05/2023, a Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación acordou someter a información pública o expediente de referencia.

Para a súa exposición pública no taboleiro de anuncios dese Concello **durante o prazo de trinta (30) días** que se contarán a partir do seguinte ao da publicación do Acordo no Diario Oficial de Galicia (DOG) e aos efectos previstos nos artigos 125, 126, 144 e 145 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE nº 310, do 27/12/2000) modificado polo Real decreto-lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e en outros ámbitos para a reactivación económica (BOE nº 175, do 24/06/2020) e na Resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG núm. 54, do 19 de marzo de 2014), dáselle traslado da seguinte documentación:

- Acordo do 29/05/2023, da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, que poderán descargalo na ligazón:

<https://amtegapbox.xunta.gal/index.php/s/8gQ24RYgR7Dtm3s>

- Proxecto técnico *LMT, CT e RBT Os Campos*, que poderán descargalo na seguinte ligazón:

<https://amtegapbox.xunta.gal/index.php/s/6Do8T6j5Qkm53ST>



Unha vez rematado o dito prazo deberán remitir a esta xefatura territorial un certificado acreditativo da súa exposición no que deberán indicar o seguinte:

- A exposición pública, especificando toda a documentación enriba relacionada.
- Se houbo ou non alegacións e, en caso afirmativo, relacionalas na certificación para a súa constancia no expediente administrativo.

Infórmaselles que esta exposición pública faise tamén coa finalidade de cumprilo trámite de darlle audiencia a ese Concello.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

O xefe do Servizo de Enerxía e Minas  
Juan José Iglesias Suárez

**Na súa contestación deberán indicar o número de expediente**

